

Efectos do petróleo na vida do mar

Os mamíferos mariños perden a capacidade illante da pel e teñen dificultades para respirar.

Os organismos microscópicos impreñanse e morren, ou trasmiten os tóxicos ao resto da cadea alimentaria, na que estamos incluídas as persoas.

Os peixes fuxen ou morren por intoxicación.

O petróleo impregna e contamina os sedimentos durante varios anos.

As aves perden a capacidade de illamento das prumas e morren de frío e de fame, ou intoxicadas.

Os barcos e os aparellos sofren danos.

O petróleo forma unha capa na superficie que impide o paso da luz. As algas non poden alimentarse nin respirar.

As especies sedentarias (percebes, mexillóns, ostras, lapas...) Morren por intoxicación e asfixia.

Os efectos da contaminación permanecen no ambiente e na cadea alimenticia durante anos.

A economía das persoas vese gravemente alterada pola falta de recursos.